

Trabajo de historia oral

María Luisa Rodríguez Aparicio

Alfredo Borja Rilo Donis

Nome: María Luisa Rodríguez Aparicio

Idade: 77 anos

Lugar e data de nacemento: Jerte (Cáceres) 24/08/1929

Lugar de residencia actual: Oleiros (A Coruña)

Parentesco: Avoa materna

A VIDA DA EPOCA

María Luisa nace o 24 de agosto de 1929 en Jerte (Cáceres), famoso pobo por atoparse nun val, o Val do Jerte, onde crecen as cereixas nos fermosos cereixos en flor.

María Luisa é a maior de tres irmás: Dolores, á que lle leva sete anos e Antonia, á que lle leva dez anos.

A súa nai, Luisa, traballaba nas labores da casa e ocupándose das súas tres fillas. Cristino, o seu pai, tamén estaba na casa porque era un militar retirado a causa da mutilación dun dedo. O dedo perderao luchando con Franco en África contra os moros, cando un moro lle cortara o dedo cun puñal no campo de combate. Cristino tamén foi alcalde do pobo de Jerte, durante dous anos.



Cristino, o seu pai, vestido de militar en Cáceres arredor do 1930

A casa de María Luisa era de unha soa planta e tiña: tres habitacións, unha para as nenas, outra para os pais e outra vacía; unha cociña de leña, unha pequena salita e ao cabo de un tempo fixeron un baño.

A roupa que vestían naquela epoca era unha muda para poñer diariamente e outra para os días de festa.

A maior parte da comida que comían era caza. Comían moita caza porque Cristino iba a cazar. Tiña unha escopeta e unha pistola. Comían lebres, coellos e xabaríns

Os días de festa como a noiteboa, xuntábase toda a familia na casa do familiar máis grande. As mulleres cocinaban e adornaban a casa para a ocasión. Os nenos pequenos saían a calle a pedir o aguinaldo e a cantar villancicos. Lembra Luisa como un ano pola navidad, papa noel lle trouxera unha zambomba coa que tocaba e cantaba villancicos na praza do pobo co resto dos nenos. En semana santa todo o pobo axudaba a preparar o cristo e os santos para a procesión.

En verán todos os nenos do pobo xuntábanse para facer excursións ao río para bañarse,. Tamén iban as fincas a por cerixas e a xogar no campo. As nenas lles gustan facer bolsos, diademas e demais complementos con flores silvestres e follas. O verán era a epoca que máis lle gustaba a María Luisa por non ter colexio e por poder ir a bañarse ao río con todo_los seus amigos.

INFANCIA

Luisa durante os cinco primeiros anos da súa vida, a etapa dende o 1929 ata o 1934 estaba coa súa nai sempre na casa e polos lugares onde iba a súa nai.

Comezou a ir ao colexio aos cinco anos, en 1934. Na clase se sentaba nun pupitre dobre de madeira, xunto a súa amiga Carmen de igual idade. Carmen era a mellor amiga de María Luisa, unha amiga que conserva ata o día de hoxe.



María Luisa e a súa amiga Carmen en Jerte en 1942

Un mesmo profesor daballes clase a os nenos de todas as materias. O profesor de María Luisa chamábase Antonio e deulle clase durante todo o período que estivo na escola. Di María Luisa "Os profesores de agora non son coma os de antes. Antes a un profesor lle respetabas e facías o que él te dixera sin rechistar. Agora perdeuselles o respecto aos profesores. Ao meu profesor lle tiñamos que tratar como Don Antonio". No colexio daba: matemáticas, historia, lingua castelá e xeografía. Lembra-se emocionada da súa asignatura favorita: a historia. Compaxinaba ir ao colexio polas mañás ata o mediodía con axudar na casa.

No seu tempo libre María Luisa facía moitas cousas. Cando xa foi máis maior, con 14 anos, iba coas súas amigas a bailar as festas dos pobos veciños e cos rapaces. Tamén iban a montar caballo polo campo os días de primavera. Saía polo pobo a pasear coas súas amigas.

A GUERRA E A POSGUERRA

No ano 1936 comeza en España unha guerra civil. A Jerte foron do exercito a recrutar soldados. Dous tíos de María Luisa foron a guerra, un deles con tan só dezasete anos. Estiveron loitando por España durante dous anos sen ver a súa familia en ningún só momento. A guerra non chegou a Jerte, pero pola serra do Val escoitábanse tiros e cañonazos. Cando estoupou a guerra, Luisa tan só tiña sete anos sete e lembra-se de pouco. Ela non tivo medo en ningún momento porque sabía que alí a guerra non chegaría e porque o seu pai estaba en casa.

Cando rematou a guerra todo volveu a normalidade en Jerte. María Luisa e a súa familia nin antes, nin durante nin despois da guerra pasaron fame. Non pasaron porque o seu pai iba de caza e porque ao ser militar iba a intendencia a por comida.

Na casa de María Luisa estaban a favor de Franco, porque Cristino loitara con el en Marrocos e porque era militar.

Pero tras a guerra non toda-las familias o pasaron ben, pasouse moita fame e para desgracia de María Luisa a súa mellor amiga, Carmen, e a súa familia tiveron que emigrar a Brasil. Esta situación fixoselle moi difícil a María Luisa debido a que no pobo non había moitas rapazas da súa idade e quedouse un pouco soa.

DO POBO A CIDADE

Cando María Luisa contaba con 20 anos, no ano 1949, levaba xa catro como maior de idade (antes considerabase que a partir dos 16 anos, cando deixabas o colexio xa eras maior de idade) e non lle gustaba ningún mozo do pobo nin vía un futuro certo alí, polo que decidiu deixar o pobo e trasladarse a capital, Madrid. María Luisa tivo que enfrontarse a moitas críticas por parte do pobo por irse a Madrid: "Que a onde va unha muller soa a Madrid", "Que de que iba a vivir" etc. Pero ela foise. Ao chegar a Madrid alugou un pequeno apartamento e buscou traballo. Estivo traballando nunha casa dende o 1949 ata o 1954. No 1954 Luisa volve a trasladarse de cidade e marcha a vivir a Santander.



María Luisa en Santander en 1954

Ali traballau noutra casa durante un ano, ata o 1955. En 1955 coñece a Alfredo, un mozo que viñera dende León e gañabase a vida como mecanico de coches. Lembrase de cómo foi todo; ela estaba nunha cafetería do Sardinero cunha amiga cando chegou Alfredo. A amiga que coñecía a Alfredo presentousello María Luisa e dende aquela tarde de verán de 1955 ata hoxe. Nese mesmo ano volve ao seu pobo porque van a operar a o seu pai duna ulcera de estomago. Unha negligencia médica fixo que Cristino falecese naquela operación. Casaronse en Santander no ano 1957 e viveron ali ata o ano 1960 cando María Luisa quedouse embarazada do seu primer fillo. Entón trasladaronse a vivir a A Coruña, a ronda de Outeiro onde Luisa tivo a súa primeira filla en 1961: María Teresa.



María Luisa, o seu marido Alfredo e a súa filla María Teresa en Gandarío en 1962

Na cidade Alfredo estivo traballando nun taller mecánico. No ano 1963 María Luisa ten ao seu segundo fillo: Agustín. No ano 1970 Alfredo merca un terreno en Vilaboa onde construye unha nave. Alí Alfredo Crea a súa propia empresa: unha industria naval. Un ano despois de eso, en 1971, María Luisa ten ao seu terceiro e ultimo fillo: Alfredo. Coa cegada deste ultimo fillo vense na procura duna casa máis grande e mudanse a Catro Caminos.

ULTIMA ÉPOCA

Tras a apertura da industria naval, as cousas foron ben e mercaron un terreno en Oleiros. Alí construíron unha casa e co paso do tempo conseguiron ampliar o terreno mercando as fincas veciñas.

Dous dos seus fillos, María Teresa e Agustín casaronse. No ano 1983 nace a súa primeira neta, Paula, filla de María Teresa. No ano 1984 María Luisa prepara unha habitación para a súa nai para que veña a vivir con ela, pero unha semana antes de vir a súa nai falece dun ataque ao corazón. No ano 1989 nace o seu segundo neto, fillo de Agustín, Javier; en 1990 María Teresa ten outra filla, Tatiana; no ano 1991 nace Alfredo, fillo de María Teresa; no 1992 nace Oscar fillo de Agustín e por ultimo no 2003 nace outro fillo para María Teresa: Fernando.

Hoxe María Luisa e Alfredo viven na súa casa de Oleiros, coa compañía dos seus fillos e netos que acuden diariamente a visitalos.



María Luisa xunto ao seu marido Alfredo durante unha comida en Betanzos en 1986